

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 28 de novembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, e o Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1433).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1434).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DO CASCO URBANO I-2014. EXPTE. 71990/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do 28.11.14, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 28 de novembro de 2014 as 13:30 horas, entre outros, acordou:

7.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme do casco urbano I-2014. (expediente 71990-250).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 28-11-2014, ás 12:00 e as 13:30 horas e dos informes do enxeñeiro xefe de Vías e Obras de 28-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme do casco urbano I-2014. (expediente 71990-250), no seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>BAJAS</i>
1	<i>NAROM S L</i>	<i>30,51</i>
2	<i>MISTURAS S A</i>	<i>30,10</i>
3	<i>EMERGIS CONSTRUCCION S L</i>	<i>29,00</i>
4	<i>OBRAS PAVIMENTOS E INSTALAC INDUST SL</i>	<i>28,13</i>
5	<i>EXTRACO S A</i>	<i>27,77</i>
6	<i>CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.</i>	<i>20,33</i>
7	<i>HORDESCON S L</i>	<i>12,47</i>
8	<i>NEMESIO ORDOÑEZ S A</i>	<i>7,04</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Narom, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13.a) das FEC.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.

Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 640,20 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.